

Núm. Expediente: SR25-P-VIGOOFI-0-PIA

Acordo de aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Vigo (SUB 405 Ofimático).

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data do 15 de abril de 2025 o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) formulou unha proposta para declarar o interese autonómico dunha actuación de creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas protexidas mediante un proxecto de interese autonómico en Vigo, no ámbito identificado como Sector SUB 405 Ofimático e procedeu á súa delimitación inicial.

Segundo. O 5 de xuño de 2025 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia oficio da concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda de Vigo no que traslada a conformidade municipal coa delimitación inicial do ámbito de actuación seleccionado.

Terceiro. A presidenta do IGVS, con data do 12 de xuño de 2025, resolveu aprobar a delimitación do referido ámbito de actuación. A devandita resolución implica a declaración do interese autonómico da actuación que constitúe o seu obxecto; sendo obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* núm. 119, do 24 de xuño de 2025.

Cuarto. O 29 de agosto de 2025 o director xeral do IGVS remitiu á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a solicitude de inicio da avaliación ambiental simplificada do referido proxecto, acompañada dun documento ambiental estratéxico e dun borrador de proxecto de interese autonómico.

Quinto. Con data do 10 de decembro de 2025 a directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade formulou o informe ambiental estratéxico no que se determina que non se prevé que o proxecto de interese autonómico teña efectos ambientais adversos significativos. O dito informe publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 251, do 30 de decembro.

Sexto. Con data do 17 de febreiro de 2026 e 20 de febreiro de 2026 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (núm. 2026/453499 e 2026/482202) o documento para aprobación inicial do referido proxecto de interese autonómico, datado en febreiro de 2026 e asinado polo arquitecto Xavier Rivas Barros.

Sétimo. O 20 de febreiro de 2026 o director xeral do IGVS formulou unha proposta para aprobar inicialmente o referido proxecto de interese autonómico.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS



Primeira. A tramitación dos proxectos de interese autonómico para planificar e proxectar actuacións de creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública debe axustarse ás previsións contidas na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (en diante, LOT), para os proxectos de interese autonómico non previstos, xunto coas especialidades recollidas nos artigos 62 e seguintes da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Segunda. O inicio do procedemento de aprobación dos citados proxectos de interese autonómico require a previa declaración do interese autonómico da actuación que constitúa o seu obxecto. A dita declaración debe seguir o procedemento descrito no artigo 63 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, e implicará, en virtude do disposto no artigo 64 da mesma lei, a maiores do resto de efectos previstos na normativa vixente, a xustificación da concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos necesarios para a aprobación ou modificación do proxecto, e suporá a redución á metade dos prazos establecidos para os procedementos ordinarios, salvo os relativos á presentación de solicitudes, recursos e, en xeral, aqueles prazos taxados por normativa estatal básica que non poidan ser obxecto de redución.

Terceira. O artigo 55.5 da LOT, en relación co artigo 64 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, dispón que a consellería tramitadora do instrumento de ordenación do territorio procederá á súa aprobación inicial e o someterá a información pública durante o prazo de 15 días naturais. A información pública realizarase mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, no boletín oficial da provincia correspondente e no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

A documentación sometida a información pública abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado.

En atención ao exposto e unha vez cumpridos todos os trámites establecidos na normativa aplicable,

ACORDO

Aprobar inicialmente o proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Vigo (SUB 405 Ofimático), asinado polo arquitecto Xavier Rivas Barros.

De conformidade co establecido nos artigos 55.5 da LOT e 64 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, o dito proxecto someterase a información pública durante o prazo de 15 días naturais, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

María Martínez Allegue

